

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓN OU RECREO, SITUADOS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS DA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA.

Artigo 1.- Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade con disposto no artigo 20.3.n da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atracción ou recreo, situados en terreos de uso público local así como industrias da rúa e ambulantes, e rodaxe cinematográfica que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible a ocupación de vías públicas con motivo das actividades aludidas no artigo 1 desta ordenanza.

Artigo 3.- Obrigados ó pagamento

Están obrigados ó pagamento desta taxa as persoas ou entidades a prol das que se outorgue a correspondente licencia ou autorización ou que se beneficien do aproveitamento se procederon sen a oportuna autorización municipal.

Artigo 4.- Dereito á percepción

Terase dereito a percibi-la taxa e nace a obrigaón de contribuír co outorgamento da licencia para ocupa-la vía pública con algúns dos aproveitamentos sinalados no artigo 1 desta ordenanza.

Artigo 5.- Tarifas

As tarifas da taxa serán as seguintes:

- a) Postos de feira, casetas e barracas en festas, 2.000 pesetas/metro cadrado e día, no núcleo urbano, e 100 pesetas/metro cadrado e día no medio rural.
- b) Postos de feira, casetas e barracas e épocas e días non festivos: 500 pesetas/metro cadrado e día no núcleo urbano e 50 pesetas/metro cadrado e día no medio rural.
- c) Postos de mercadillo municipal: 20 pesetas/metro lineal.

Artigo 6.- Normas de xestión.

As persoas interesadas na concesión de aproveitamentos regulados na presente ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licencia, na que indicarán a superficie a ocupar e o tempo de duración.

As cantidades esixibles de acordo á tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou efectivamente realizado e serán irreductibles.

As autorizacións terán carácter de persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros, dando lugar o incumprimento á anulación da licencia sen prexuízo das contías que corresponda aboar ós interesados.

O pagamento da taxa realizarase por ingreso directo na Tesourería municipal, sempre antes de retirar a correspondente licencia. Este ingreso terá carácter de depósito previo de conformidade co disposto no artigo 26.1.a da Lei 39/1988, do 28 de decembro, quedando elevado a definitivo ó conceder a licencia correspondente.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor e comezará a aplicarse unha vez publicada integramente no BOP e transcurra o prazo sinalado no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Ley 7/1985, do 2 de abril, e seguirá en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.